

**INFORME-PROPOSTA RESOLUCIÓN****ANTECEDENTES**

I.- Por Acordo de Xunta de Goberno Local de data 13/01/2022 aprobáronse as bases reitoras e convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Oficial desinfectores, (BOPPO nº 26, 08/02/2022).

Por acordo Xunta de Goberno Local de 03/03/2022 rectificouse o prazo sinalado no punto VI "Publicidade", terceiro parágrafo, quedando redactado da seguinte: "Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de dez días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org".

II.- Consta informe de verificación administrativa da listaxe de persoas admitidas e excluídas provisionalmente, logo da revisión das solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo referido no antecedente I.

III.- Consta proposta técnica de designación de membros do órgano de selección, no que se inclúen as persoas que presentáronse voluntarias e reúnen os requisitos de especialidade técnica, e as persoas propostas pola xefatura de medio ambiente; logo da verificación do cumprimento das Bases en canto a requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e especialidade dos membros do órgano de selección.

IV.- Consta informe de fiscalización favorable.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- O artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

"Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén".

Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

"1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/05/2022 08:58	Páxina 1 de 5
39388-220	CSV: A9AFA5-E5E426-DF42D5-8ENQMM-ESUDL4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.*
- b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.*
- c) O persoal eventual.*
- d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ningún.

4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estricto cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.

7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos.”

II.- O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Emprego Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

En consecuencia, vistas as competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local; vistos os decretos da Alcaldía de 16/04/2021, e acordo de XGL de 22/04/2021, delegación de competencias en materia de persoal, así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal, acordado pola Xunta de Goberno Local de 13/01/2022, para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección, sométese á consideración da Sra. concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**





Primeiro.- Declarar admitidos/as provisionalmente aos aspirantes que presentaron solicitude para participar no proceso selectivo para a formación das bolsas de emprego para nomeamentos interinos de Oficiais desinfectores, subgrupo C2 de titulación, agás aos que a continuación expresamente se exclúen, polos motivos que en cada caso se indican co cardinal correspondente, e que poderán ser emendados nos termos do disposto no apartado VI do citado acordo:

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
ASENSIO RODRIGUEZ	ADONIS	***5744**	EXCLUÍDA/O (2)
BASTOS VILLAR	PURIFICACIÓN	***7157**	EXCLUÍDA/O (2)
BLASZKIEWICZ MERA	DIEGO	***1519**	ADMITIDA/O
CANOSA FERNANDEZ	JACOBO	***0633**	EXCLUÍDA/O (2)
CARRASCO UBEIRA	BRUNO	***5708**	ADMITIDA/O
DOMIQUE RIVADULLA	MARCOS	***8819**	EXCLUÍDA/O (2)
FERNANDEZ SANTIBAÑEZ	SANTIAGO	***1285**	EXCLUÍDA/O (2)
GALEGO BERMUDEZ	PABLO	***9860**	EXCLUÍDA/O (2)
GARCIA FERNANDEZ	CESAR	***6875**	EXCLUÍDA/O (2)
GONZALEZ ESTEVEZ	ESTELA	***1456**	EXCLUÍDA/O (2)
IGLESIAS PEIXOTO	JUAN	***7559**	EXCLUÍDA/O (2)
LORENZO RODRIGUEZ	RAFAEL	***8505**	EXCLUÍDA/O (2)
MARCOS FERNANDEZ	ROI	***9036**	EXCLUÍDA/O (2)
NOVO GONZALEZ	RAMÓN	***4589**	ADMITIDA/O
PARAMES GONZALEZ	SAMUEL	***4800**	EXCLUÍDA/O (1,2,3)
PEREZ TIZON	TAMARA	***7395**	EXCLUÍDA/O (2)
PORTELA HERNANDEZ	DAVID	***1424**	EXCLUÍDA/O (2)
PRIETO PACHECO	DAVID	***5934**	EXCLUÍDA/O (2)
TORRES CEBALLOS	VICTOR	***8497**	ADMITIDA/O
VILA PUJALES	MANUEL	***9714**	EXCLUÍDA/O (2)
VIVANCO SALVATIERRA	EDWIN	***4751**	ADMITIDA/O

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por non achegar copia simple do DNI, NIE ou pasaporte con plena vixencia ou autorizar a súa consulta
- (2) Por non manifestar estar en posesión das titulacións requiridas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/05/2022 08:58	Páxina 3 de 5
39388-220	CSV: A9AFA5-E5E426-DF42D5-8ENQMM-ESUDL4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



(3) Por non presentar a declaración xurada indicada nas bases

Segundo.- Dispoñer que o órgano de selección estará integrado polos seguintes membros, nos termos da proposta técnica que obra no expediente.

Presidente

Titular: Secundino Otero Failde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

Suplente: María del Carmen Pazos Área, xefa do Servizo de Inspección de Tributos.

Secretario

Titular: Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal.

Suplente: Ramón Hemida-Cachalvite Vázquez, Técnico de Administración Xeral.

Vogal 1

Titular: Rocío Lago Carrera, Técnico de Sanidade e Salubridade

Suplente: José Ramón Seijas Álvarez, encargado capataz do Servizo de Medio Ambiente.

Vogal 2

Titular: José Manuel Sousa Atrio. Oficial Desinfector.

Suplente: Rosana Martínez Aragunde, Inspectora do Servizo de Sanidade/Laboratorio

Vogal 3

Titular: Alberto Seijas Fernández, Oficial Desinfector.

Suplente: María Dolores Bernárdez Fernández, Adxunta Xefatura de Parques e Xardíns.

Terceiro.- Informar que, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria (modificadas neste punto por acordo de Xunta de Goberno local 03/03/2022), os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cualificador, no prazo de dez días hábiles, contados dende o día da publicación deste anuncio no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web da casa do concello (www.vigo.org). Así mesmo os aspirantes excluídos provisionalmente disporán, tal e como establecen a bases reitoras, dun prazo de dez días hábiles, contados dende a publicación deste anuncio no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org, para presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións.





En canto á abstención e recusación dos membros do órgano de selección rexeráse polo disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Transcorrido o prazo de recusación dos membros do órgano de selección e emenda de solicitudes, mediante resolución da concellería delegada competente en materia de persoal, aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos, e data de constitución do tribunal que se publicará no taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A Técnica de Administración Xeral.- Beatriz Domínguez Pereira

CONFORME:

A Xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

A CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021).- Patricia Rodríguez Calviño.

Dou fe,

A SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.- Susana Gallardo Fariña

